

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 14 DE NOVEMBRO DE 2011

LICENZAS

FAVORABLES.-

LIC/1889/2011.- MARIA ISABEL GRELA PEREIRA. Construción dunha vivenda unifamiliar na rúa Luis Vázquez de Parga, 9

LIC/2055/2011.- COMUNIDADE DE PROPIETARIOS. Prórroga para substitución de ascensor na rúa San Pedro de Mezonzo, 28B.

LIC/1244/2010.- ACATIA INMUEBLES. Derruba da edificación existente na rúa de Teo ,17.

DENEGADAS.-

LIC/681/2011.- JESÚS PENA NEIRA. Legalización de cambio de uso dunha edificación situada na rúa das Casas Novas 44-46.

OCIHR

LICENZAS

LIC/1853/2009.- CONSORCIO DE SANTIAGO. Modificación da licenza da Casa do Cabildo.

LIC/1182/2011.- COMUNIDADE RELIGIOSA DE CARMELITAS DESCALZAS. Renovacións faldóns na casa do capelán no convento do carme (fase II).

LIC/2423/2010.- CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO. Modificación da licenza de obras de urxencia nas torres e cubertas no entorno do Pórtico da Gloria para eliminación de humidades.

LIC/166/2009.- OSCAR ABADES LÓPEZ. Modificación da licenza na rúa do Medio, 24

DEVOLUCIÓNS FIANZAS

FEDERACIÓN DE LIBREIROS DE GALICIA.- Devolución de fianza constituída en garantía pola ocupación da vía pública no Paseo da Alameda. O importe da fianza é de 12.000 €

DIS/999/2011.- SANTIAGO MARTÍNEZ OTERO.- Devolución de fianza depositada en garantía pola ocupación da vía pública na rúa da Acibechería nº 5. O importe da fianza é de 601. €.

DIS/936/2011.- DOLORES ENCARNACIÓN PEREIRA PARDAL.- Devolución de fianza depositada en garantía pola ocupación da vía pública na rúa Costa Vella nº 16. O importe da fianza é de 601. €.

4.- Proposta da Concelleira Delegada de Benestar Social relativa a axudas de carácter social.

Aprobáronse axudas para manutención por un importe de 962,10 €.

5.- Proposta da concelleira delegada de Rehabilitación e Cidade Histórica relativa á aprobación definitiva de axudas para vivendas da área de rehabilitación integral do Casco Histórico.

A XGL aprobou de maneira definitiva as axudas para a rehabilitación integral de vivendas do casco histórico incluídas na 10ª fase do Convenio entre o Ministerio de Fomento, o IGVS e o Concello. O importe das axudas é de 56.965,40 € con cargo á anualidade 2011.

6.- Renovación de autorizacións venda ambulante para o ano 2012 na explanada de Salgueiriños.

A XGL aprobou a renovación das licenzas para a venda ambulante para o ano 2012 na explanada de Salgueiriños.

7.- Solicitud de ratificación da cesión dunha praza de aparcamento Ponte Castro-A Rosa.

A XGL ratificou a cesión dunha praza no aparcamento Puente Castro-Rosa, a petición da Empresa Espiritu Santo S.L.

8.- Prórroga do contrato de alugamento de local para uso sociocultural no casco histórico, sito na rúa Santa Cristina, 22.

A XGL aprobou a prórroga do contrato de alugueiro do local sito na rúa Santa Cristina, 22, que é utilizado polo Concello como Centro Sociocultural do Casco Histórico. Ambas partes acordaron non revisar o IPC para o 2012 polo que o custo mensual do alugueiro se manterá en 930,17 €.

9.- Proposta do concelleiro delegado de Tráfico relativa á autorización a unha empresa para a fusión, por absorción, coa empresa METROPARK APARCAMIENTOS SAU.

A XGL aprobou, á vista do escrito presentado por Interparking Hispania, autorizar a fusión por absorción coa empresa Metropark Aparcamientos SAU (da UTE Choupana), adxudicataria da explotación do aparcamento subterráneo da Choupana.

10.- Proposta da concelleira delegada de Persoal relativa á desestimación dunha reclamación previa á vía laboral presentada en materia de despedimento.

A XGL aprobou proceder ao rexeitamento do recurso previo á vía laboral pola tramitación do despido de Dona Pilar Bermejo González.

11.- Proposta da concelleira delegada de Persoal e Réxime Interior relativa ao traslado dun rexistro auxiliar.

A XGL aprobou o traslado do rexistro de Fontiñas ao edificio do CERSIA. (Xanela única empresarial).

12.- Proposta da concelleira delegada de Persoal relativa á adxudicación da execución de dúas edicións do curso de "Rescate en espazos confinados", incluído na área do servizo de Extinción de incendios do Plan de Formación Continua 2011.

A XGL aprobou a adxudicación do contrato para a execución de dúas edicións do Curso "Rescate en espazos confinados" á empresa SEGANOSA, dirixido ao Corpo de Bombeiros do Concello de Santiago de Compostela. Estes cursos están incluídos na Área de Servizo de Extinción de Incendios do Plan de Formación Continua 2011. O importe deste contrato é de 21.575 €.

13.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á aprobación do convenio de colaboración entre o Concello e a Fundación COMPOSTELA DEPORTE.

A efectos de colaborar no desenvolvemento dos fins da Fundación Compostela Deporte, a XGL aprobou unha subvención por un importe de 29.750 € para axudar nos gastos de funcionamento da mesma, entendendo estes gastos como os relativos ás diferentes actividades programadas para o 2011.

14.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á aprobación do convenio de colaboración entre o Concello e o CLUB TRIATLÓN BRICOSA.

Aprobouse un convenio entre o Concello e o Club de Triatlón Bricosa por un importe de 10.200 euros.

15.- Proposta da concelleira delegada de Familia, Benestar Social, Muller e Emprego relativa á aprobación do programa de prevención de drogodependencias "O CANNABIS ¿QUÉ TEÑO QUE SABER?" e a súa adxudicación.

A XGL aprobou a contratación do programa de prevención de drogodependencias denominado "O cannabis, que teño que saber?", por un importe de 12.744 €.

16 a 51.- Proposta da concelleira delegada de facenda, orzamentos e contratación relativa a beneficios fiscais no imposto sobre vehículos de tracción mecánica, no imposto sobre bens inmobles, no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana, na taxa pola subministración de auga e conservación de contadores, saneamento e depuración de augas residuais e prestación do servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos.

Concédense os devanditos beneficios fiscais.

52.- Dar conta da denegación pola Consellería de Traballo e Benestar dunha subvención para proxectos de desenvolvemento do pobo xitano.

Deuse conta á XGL da denegación dunha subvención da Consellería de Traballo relativa a proxectos de desenvolvemento do pobo xitano.

53.- Dar conta da concesión dunha subvención pola Consellería de Traballo e Benestar para persoal de servizos sociais comunitarios e prestación básica de axuda no fogar.

Deuse conta á XGL dunha subvención concedida pola Consellería de Traballo e Benestar para persoal de Servizos Comunitarios municipais por un importe de 215.979,38 € e outra para a prestación básica de axuda no fogar por un importe de 47.305,55 €.

URXENCIAS

1- Recepción das obras do SUNP-14.

2- Autorizouse o abono a INCOLSA do adianto de subvención do Convenio coa Diputación de A Coruña: 245.000 euros.

3- Apróbase o inicio do procedemento de arrendamentos de equipos de iluminación pública navideña por importe de 59.540 euros máis IVE. A iluminación estará nas rúas desde o 17 de decembro ao 6 de xaneiro en horario de 18.00 a 2.00 h. Os días 24, 25 e 31 de decembro ampliarase ata o amencer.

4- Aprobáronse novas actuacións en limpeza e desbroces en parroquias do rural como Vilvestro, Laraño, o Eixo, Bando, Sabugueira, Carballal, Enfesta, Lavacolla, Busto e outras por importe de 49.036 euros máis IVE.

5- Apróbase o convenio co Lobelle por importe de 115.241,30 euros.

6- Apróbase a concesión de subvenciones para o deporte federado por importe de 207.599,69 euros.